

COFINANCIADO POLA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de Urbanismo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

PONTEVEDRA

proxectoterra

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA



A CONSTRUCIÓN DUN PAÍS É O MAIOR COMPROMISO COLECTIVO QUE CADA XERACIÓN TEN QUE AFRONTAR NO SEU MOMENTO, E PARA ASUMILO DUN XEITO RESPONSABLE DEBEMOS COÑECELO, APRENDER A VALORAR O POSITIVO E NEGATIVO DA HERDANZA DO PASADO, IMAXINARNOS UN MUNDO MELLOR E TRABALLAR TODOS XUNTOS PARA ACADALO.

NO ÁNIMO DE COLABORAR NESTA TAREFA COLECTIVA, ESTA GUÍA FORMA PARTE DOS MATERIAIS DO PROXECTOTERRA, UN PROXECTO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA DIRIXIDO ÁS DISTINTAS ETAPAS DA EDUCACIÓN OBRIGATORIA CO FIN DE CONTRIBUÍR A MELLORAR O COÑECEMENTO QUE TODA A CIDADANÍA DEBE TER DA NOSA ARQUITECTURA E DA NOSA IDENTIDADE TERRITORIAL.

XOSÉ MANUEL ROSALES NOVES
COORDINADOR DO PROXECTOTERRA

EDITA

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA
"PROXECTOTERRA"

QUINTANA 3 "CASA DA CONGA"
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA (GALICIA/ESPAÑA)
TEL. +34 981 55 24 00
FAX +34 981 56 16 58
HTTP://WWW.COAG.ES/PROXECTOTERRA
E-MAIL: PROXECTOTERRA@COAG.ES

COLECCIÓN: GUÍAS
COORDINACIÓN: XOSÉ MANUEL ROSALES NOVES
SUPERVISIÓN: ANTONIO DÍAZ OTERO

GUÍA: PONTEVEDRA
DEPÓSITO LEGAL: C-2048-06 OUTUBRO 2006
ISBN: 84-85665-97-X

ELABORACIÓN: JOSÉ LUIS VARELA ALÉN
ALICIA CARRERA GÓMEZ
MANUEL ESTÉVEZ CARIDE
ELISA PEREIRA GARCÍA
LORETO RAYA GONZÁLEZ

© AUTORES/AS DOS TEXTOS
© AUTORAS/ES DAS IMAXES

COORDINACIÓN E XESTIÓN DA EDICIÓN
AXENCIAGRÁFICA XANIÑO.ACORUÑA

Son as cidades espazos que habitamos e que moitas veces agachan no seu interior riquezas que ignoramos e nas que non somos quen de reparar. É preciso mirar ben, observar, fixarse nos detalles, esculcar nas diferentes capas que o tempo foi deitando na trama urbana, para poder sacar á superficie as pezas importantes, transcendentales do corpo da cidade. Esas pezas que singularizan e fan única a cada cidade, aquelas que as dotan de carácter propio, diferenciándoas de calquera outra.

Saber percorrer as nosas cidades parándose en fitos senlleiros das mesmas; observar as diferentes partes do plano sabendo distinguir os seus núcleos históricos das áreas de recente creación; captar os diferentes ritmos vitais que están detrás de cada zona; ser quen de valorar criticamente as intervencións urbanísticas levadas a cabo nos diferentes momentos históricos, e ser capaces de demandar espazos urbanos de calidade, son obxectivos que queremos axudar a acadar con estas guías que poñemos nas túas mans.

Nelas recollimos os procesos de crecemento das nosas cidades, mostrándoches como foi a evolución dos seus planos. Destacamos os fitos arquitectónicos máis importantes das mesmas, para que sexas capaz de valoralos debidamente. Planteámosche reflexións e cuestións que pretenden achegarte a unha mirada crítica sobre os espazos que habitas. Buscamos que o cotiá, para moitos de vós, sexa unha fonte de disfrute e de aprendizaxe.

Desexamos que as uses e divulgues no teu contorno, para que, dende o coñecemento, a cidadanía asuma o espazo urbano como algo propio e demande un desenvolvemento urbano respetuoso e sostible que sexa quen de mellorar a nosa calidade de vida.

ALGÚNS CONSELLOS PARA AS SAÍDAS

- **Respecta SEMPRE a natureza e o contorno.**
- **Disfruta** o paseo cunha marcha suave, con **tranquilidade** e boa disposición.
- **Non perdas o grupo de vista** para que non haxa esperas molestas.
- **Non utilices** cassettes, radios, reprodutores de MP3 ou calquera outro artilluxio que nos impida participar activamente nas actividades, nin con auriculares nin, moito menos, sen eles.
- Permanece sempre atento/a ás instrucións do profesorado que vos acompañe e dos monitores e monitoras das actividades.
- **Colabora no coidado das intalacións** que usemos e axuda a **manter limpos os espazos** que visitemos, utilizando os **colectores para os desperdicios**. Non debemos tirar nada ao chan, nin no medio construído nin nos espazos libres. Se non atopamos colectores, gardaremos nunha bolsiña o lixo ata poder depositalo no lugar axeitado.

PONTEVEDRA

1. MARCO XEOGRÁFICO

A cidade de Pontevedra, situada no esteiro do río Lérez na conxunción co Alba e o Tomeza, aséntase no fondo sur da ría á que lle dá nome e chega ata a desembocadura do río Verdugo, en Ponte Sampaio. A ría, ocupa un antigo cauce fluvial, que hai miles de anos, co último desxeo da terra foi anegado polo mar.

Limita ao norte cos municipios de Barro, Moraña e Campo Lameiro; ao leste

cos de Cotobade e Ponte Caldelas; ao sur cos de Soutomaior, Vilaboa e Marín, e ao oeste co de Poio.

Ten aproximadamente 117 quilómetros cadrados, nos que viven máis de 79.000 persoas, o que representa unha elevada densidade urbana (máis de 675 habitantes por Km²).

O termo municipal de Pontevedra con fórmalo 15 parroquias que destacan polos seus monumentos, a arquitectura popular, os restos arqueolóxicos, as igrexas e os pazos.

En canto ao dominio climático que afecta a esta zona é o oceánico húmido con tendencia á aridez estival, caracterizado por unha temperatura media suave, en torno aos 15°C, unha oscilación térmica media de 10°C e precipitacións totais

AS PRIMEIRAS IMPRESIÓNS

Acabas de chegar á cidade.
Como se denomina a vía pola que viñeches?

Cal é o primeiro elemento significativo de Pontevedra que recoñeches?

Anota agora as túas primeiras impresións. Ao marchar faremos no autobús un repaso deses comentarios e veremos como se foron modificando coa visita máis detallada.

Algúns exemplos de cuestións:

- cidade costeira ou interior
- cidade moderna ou histórica
- o tráfico na cidade
- vense moitos parques e prazas?

Vista da cidade na primeira metade do século XX



Avenida de Montero Ríos co porto ao fondo



Vista do Norte da cidade



Pontevedra dende a desembocadura do río Alba

de 1000 mm, cun máximo en outono-inverno e un mínimo en verán, coincidindo coas máximas temperaturas e dando lugar a unha acusada aridez. Polo tanto o clima é temperado e chuvioso coma o da maior parte da costa occidental galega, pero con peculiaridades derivadas da súa localización ao fondo da ría e da posición dos macizos montañosos que enmarcan as depresións do municipio con relación ás masas de aire que se desprazan con frecuencia do Atlántico cara á Península.

2. ALGUNHAS NOTAS HISTÓRICAS

Existe unha lenda que atribúe a fundación da actual cidade de Pontevedra ao arquero grego Teucro, que a bautizou co nome de Helenas, da que quedan unhas estrofas de autor descoñecido gravadas en pedra no vello concello pontevedrés.

FVUNDOTE TEVCRO VALIENTE
DE AQVESTE RIO EN LA
ORILLA
PARA QUE EN ESPAÑA
FVESES
DE VILLAS LA MARAVILLA
[DEL ZEBEDEO LA ESPADA
CORONA TU GENTILEZA
VN CASTILLO PVENTE Y MAR
ES TIMBRE DE TV NOBLEZA]

Pero as primeiras referencias históricas, constatadas posteriormente polas fontes arqueolóxicas, veñen da man de historiadores romanos.

No século XII baixo a mitra compostelana asistimos a un renacer da cidade e

a unha reactivación da actividade económica; atravesou un período florecen-te, salvo certos períodos de crise (pese, fames negras...), que se estendeu ata o século XV. Foi neste contexto no que situamos a construción da muralla que pecha todo o perímetro do burgo, e deixa fóra o arrabaldo mariñeiro da Moureira. Cos privilexios e exencións fiscais que os distintos monarcas medievais concederon á vila, -como o monopolio da fabricación de saín e da cura do peixe en 1229, ou a adxudicación como porto de carga e descarga de Galicia en 1452- foi cobrando unha nova dimensión e medrando en número de veciños.

Xa na Idade Moderna, no século XVI, foi considerada como unha das máis importantes vilas galegas, en todos os aspectos, pero sobre todo no pesqueiro e comercial, aínda que a finais dese mesmo século comezaron os primeiros síntomas de crise, que se agudizou no XVII e XVIII.

No século XIX Pontevedra, cunha economía baseada tanto na industria artesanal como no comercio, e en menor medida na pesca e nas actividades agrarias e gandeiras, vai adquirir a capitalidade da provincia en 1833, que manterá ata a actualidade, agás un período moi curto no que a perde a favor de Vigo (1840), o que conleva importantes transformacións para a cidade, ao converterse nun centro administrativo.

A pesar de que a cidade nas primeiras décadas do XX viviu unha etapa de



Rúas peonizadas

A estrutura urbana

Non podemos perder de vista á hora de analizar a estrutura urbana da cidade de Pontevedra, que o seu emprazamento entorno aos camiños de acceso a cidade, estivo limitado polos cursos dos ríos que a rodean, cercando estes a súa expansión urbana. De aí que o seu centro histórico adopte unha traza urbana variada, dotada dun esquema en espiña de peixe, que une os distintos puntos da poboación.



Restos da muralla de Pontevedra

prosperidade, tanto no aspecto cultural, como dende o punto de vista económico, social e político, a Guerra Civil e o posterior establecemento dun réxime totalitario, da man da ditadura franquista, danou seriamente a economía pontevedresa, que non comezou a recuperarse ata ben entrados os anos 60.

3. COMPOSICIÓN DA CIDADE

Durante a Idade Media o centro histórico pechouse cunha cerca defensiva, que abarcaba as actuais rúas de A. Malvar, Michelena, Peregrina, Cobián Rofignac, P. Amoedo e Avenida Bos Aires. Esta construción viuse favorecida pola topografía fluvial. Desta etapa son características as rúas estreitas e intrincadas, ás que se abren edificacións nobiliarias que amosan nas súas fachadas brasóns. Xunto a elas temos claros exemplos de arquitectura popular, casas máis humildes de un ou varios andares, ás veces asoportaladas. Componse en espiña de peixe: unha serie de rúas estreitas se abren a unha principal central. As construcións teñen moitas veces fachada a dous viais.


Nos séculos seguintes a cidade medrou intramuros con igrexas de amplos adros e prazas nas que se celebran mercados ao aire libre (A Ferrería, A Leña, o Teucro). Extramuros cobraron importancia os arrabaldes mariñeiros.

Na segunda metade do século XIX, e a diferenza doutras cidades galega, non se produciu ao derrubar as murrallas, un crecemento en forma de ensanche.


O que si ocorreu foi que ao trasladarse o centro da actividade da cidade á antiga zona da feira, na saída da cidade, a burguesía trasladouse a novas rúas que apareceron próximas a este novo centro.

Este cambio explicase ao constituírsese Pontevedra como capital de provincia en 1833 e converterse en sede da administración. Trasládase o centro histórico cara á Alameda; derrubáronse as vellas murallas medievais; abríronse novas rúas; construíronse edificios públicos e novos espazos verdes para facer fronte ás novas necesidades. Emerxeron nese espazo urbano novas edificacións que plasmaban os distintos estilos arquitectónicos do momento, como son o eclecticismo e o modernismo, xunto a outras arquitecturas historicistas que tentaban impoñer as características de certos estilos do pasado, como o neogótico. Este feito provocou que a arquitectura urbana sexa moi variada tanto en estilo como en tipoloxía, ao alternarse casas pacegas, casas burguesas sobre soportais e casas populares moito máis sinxelas, moitas delas sobre pórticos adintelados.


No último terzo do século XX, Pontevedra incrementou a poboación da cidade moito máis ca do municipio, o que tivo a súa plasmación real nas novas áreas edificables e no seu espallamento cara a Poio e Marín, transformando deste xeito a súa morfoloxía urbana.




Plano do século XIII



Plano do século XV



Plano de 1886



Plano de 1925



Plano de finais do século XX

Crecemento da cidade, ordenamento

O crecemento da cidade de Pontevedra vai estar condicionado dende un principio polos cursos dos ríos Lérez, Alba e Tomeza.

Na beira do río Lérez, na zona occidental, atopábase o case desaparecido arrabalde da Moureira, no vello porto de Pontevedra, desde onde se organi-

zaban todas as actividades vinculadas á pesca. A importancia económica que adquiriu a cidade na Plena e Baixa Idade Media (s. XIII-XV) ponse de manifesto en construcións como a da igrexa de Santa María A Maior, cuxos gastos construtivos foron sufragados polo gremio dos Mareantes, que habitou na Moureira.

Xunto a este barrio extramuros medrou con forza o barrio da vila central, asen-

tado sobre antigas prazas medievais como a da Ferrería, A Leña ou Teucro, sede de importantes mercados e zonas de lecer, que analizaremos posteriormente.

Ao longo da Idade Moderna, o decaemento do porto, debido entre outros factores a que o proceso de sedimentación do río Lérez non favoreceu o calado das novas embarcacións, levou á progresiva perda do protagonismo económico fronte ao paulatino crecemento dos portos de Marín e Vigo.

A etapa actual e de novo de forte crecemento. Ante a necesidade de crear novas áreas industriais e residenciais estanse a construír polígonos en torno a viais como a avenida de Juan Carlos I, a rúa Louredo Crespo e áreas como a “cidade da pedra”, no contorno da estación de ferrocarril ou A Parda, nos terreos do antigo cárcere.

4. ARQUITECTURA CIVIL E RELIXIOSA

Se ben a orixe da cidade está nos castros de Santa María e San Francisco, non será ata á época romana cando aparezan as primeiras fontes escritas que falen da cidade. Os historiadores romanos citana co nome de “Lámbrica”, aínda que hoxe apenas existen restos arqueolóxicos desa época.

Consérvase o resto dunha columna miliaria, adicada no ano 137 ao emperador Adriano, que parece falar dunha antiga ponte romana situada no lugar que hoxe ocupa a ponte do Burgo.

Pero o verdadeiro xerme da vila, tal e como a coñecemos, é claramente medieval, pois se consolidou ao abeiro dos moitos privilexios e exencións fiscais, de grande importancia para o seu desenvolvemento económico e urbano, concedidos polos monarcas feudais. Foi tras a doazón de Fernando II ao arcebispo Pedro Compostelano, no século XII, cando a vila perdeu a súa condición reguenga e pasou a depender da Mitra compostelá ata a supresión dos señoríos feudais polas Cortes de Cádiz, agás unha pequena paréntese reguenga en tempos de Felipe II.

Xa no século XII se lle coñecía co nome de “Pontus Veteris”, en alusión á vella ponte romana, en desuso a causa da súa ruína e que foi substituída no 1169 por outra medieval hoxe modificada, coñecida como **Ponte do Burgo**.

No século XIII a cidade iniciou un significativo desenvolvemento comercial e demográfico que a fixo medrar de xeito considerable, ampliando o seu recinto amurallado para converterse no XVI nunha das máis populosas vilas galegas, adicada principalmente á pesca, que exportaba a distintos lugares.

Quedan vestixios da **muralla**, no muro baixo de Santa María e en menor medida na praza posterior do **Mercado de Abastos**, na beira do Lérez.

O mellor exemplo deste crecemento urbano é a creazón de espazos públicos como a **Praza Maior da Ferrería**, a máis emblemática, situada no cora-

zón da cidade, que recibiu o seu nome pola ubicación de antigas forxas baixo os soportais e que actuou durante anos como recinto feiral.

O papel dos soportais é fundamental na configuración das rúas en Galicia, onde o clima non permitía moitos días desenvolver actividades ao aire libre. O oficio de ferreiro tiña gran importancia nunha cidade situada no camiño de Santiago. Nas súas fronteiras podemos observar notabeis edificacións, entre as que destacan as renacentistas **Casa das Caras** e **Casa dos Barbeitos**, características polas esculturas con forma de cara que ten ao longo da fachada sur. Unida a esta praza temos os **Xardíns de Casto Sampedro**, que manteñen no centro a Fonte da Ferre-



Xardíns de Casto Sampedro



Praza da Ferrería

ría, que data do XVI e que anteriormente no século XIX ocupaba o espazo central da praza.

A partir do século XIV o burgo medieval presentaba unha estrutura propiamente urbana. Paralelamente á construción da muralla, trazáronse moitas rúas e emerxeron algunhas das principais igrexas. A muralla circundaba o actual núcleo histórico de Pontevedra, desde a Casa do Concello e a Praza da Peregrina ata a beira do río. A súa extensión dunhas 36 hectáreas atopábase rodeada por unha cerca de defensa de máis de dous quilómetros de lonxitude. Os edificios civís máis importantes eran as Torres Arcebispaís, encastradas na muralla e as igrexas de San Bartolomeu e Santa María. Nas beiras externas da muralla erguéronse, os mosteiros mendicantes de San Francisco e San Domingos, que foron



Igrexa de San Francisco

os lugares de soterramento da nobreza pontevedresa. San Francisco foi integrado na cidade amurallada nun segundo momento.

O tecido urbano intramuros complementábase coa aparición de diversos arrabaldes, os máis significativos eran dous: un ao norte, coñecido como o “Burgo Pequeno” ou “Burgo de Alén”, na marxe dereita do río, a carón da ponte que leva a Santiago; e outro ao sudoeste, “Moureira”, que se extendía desde a ponte do Burgo ata a desembocadura do río Gafos. Este último arrabalde foi un importante centro neuráxico da actividade económica da cidade, adicado á pesca e salga do peixe.

As vivendas típicas deste barrio mariñeiro, hoxe desaparecidas na súa maior parte, eran pequenas casas de unha soa planta, denominadas Casas do Pincho, que recibiron no século XV o nome de Casas de Outón, dotadas de muros de cachotería e perpiaños, nos que únicamente se abrían unha fiestra, a porta de acceso ao interior da vivenda e ás veces unha pequena bufarda situada no pincho para iluminar o faiado, onde os mariñeiros gardaban os aparellos de traballo. Este barrio está a desaparecer e a ser substituído sen moito tino por grandes bloques que non respetan o escalonamento da pendente. Pérdese así, a visión do fito principal da cidade, a igrexa de Santa María, que queda oculta por unha pantalla de edificios.

No exterior da muralla, no outeiro con maior altura, destaca a **Igrexa de San**

Francisco, (máis tarde a cerca medieval ampliouse para acoller o mosteiro ao que pertencía). É de estilo gótico mendicante dos séculos XIV e XV, de planta basilical cunha enorme cabeceira, con grandes ventás lanceoladas, polas que entra a luz . No seu interior atópanse varios sepulcros medievais da nobreza pontevedresa, entre eles destaca o de Paio Gómez Chariño, Almirante mariño e Trobador; un dos máximos representantes da lírica medieval galega.

Nestes séculos tamén cobran especial relevancia tres construcións: o mosteiro de San Domingos, o convento de Santa Clara e a igrexa de Santa María a Maior.

Tamén situada no espazo extramuros, podemos ver os restos da **Igrexa de**

San Domingos, de finais do século XIV da que só se conserva a súa cabeceira e a fachada da sala capitular. No século XVIII intentouse a súa reconstrución seguindo criterios neoclásicos, pero non se concluiu, o que nos permite ver na actualidade o ábsida gótica da primitiva igrexa.

O **convento de Santa Clara** conserva a igrexa de estilo gótico da segunda metade do século XIV, de nave única e cabeceira poligonal. Na portada sur aparece representado o xuízo final, moi salientable ao igual que os ricos retablos barrocos do seu interior.

A construción da **basílica de Santa María a Maior**, foi iniciada na primeira metade do século XIV cos cartos do poderoso Gremio de Mareantes, que



Ruínas de San Domingos

controlaban a exportación de pesca salgada. Este edificio conxuga dous estilos, por un lado o gótico serodio e por outro o renacemento. A fachada de estilo prateresco, do XVI, é obra de Cornelius de Holanda e Xoán Noble. No interior temos que destacar as enormes bóvedas de cruzaría, dun estilo gótico isabelino, e o Cristo dos Mareantes do século XIII.

No tránsito entre a Época Medieval e a Moderna o vello burgo de Pontus Veneris adquiriu grande esplendor, que o convertiu na principal urbe de Galicia, mesmo por cima da capital compostelá. Así, grazas á privilexiada situación xeográfica, que lle permitía conectar o comercio a longa distancia cos nú-

cleos interiores ourensás e o papel de principal porto pesqueiro, a vila viviu un século de auténtico esplendor, tanto económico como cultural e artístico, o que se reflicte no esplendor das súas rúas.

Nos séculos XVII e XVIII a vila súmese nunha fonda crise económica, desencadeada pola decadencia do sector pesqueiro e polas constantes guerras que a asolagaron, sobre todo a de sucesión á coroa española que provocou a destrución de Pontevedra polos ingleses en 1719.

Destes séculos podemos destacar o Pazo de Mugartegui e a Capela da Virxe da Peregrina.



Basilica de Santa María a Maior

Na **Praza da Pedreira**, onde os canteiros tallaban a pedra, e antigamente coñecida como Praza da Herba, debido ao mercado que nela se celebrou vinculado a este produto, temos que ubicar o **Pazo de Mugartegui** construído durante os séculos XVII e XVIII. Este é un bo exemplo da arquitectura urbana do barroco galego. Na súa fachada destacan unha serie de brasóns das liñaxes dos Araúxo, Quirós, Figueiroa e Miranda e o reloxo de sol. Tras a recente reforma o edificio mudou de funcións, e acolle un importante centro sociocultural, dotado de sala de exposicións, conferencias e concertos.

Na **Praza do Teucro**, que toma o seu nome da lenda do fundador da cidade,

tamén chamada do pan pola cantidade de fornos que había nas inmediacións, atopamos edificios nobres dos séculos XVII e XVIII, que amosan nas fachadas a riqueza das familias fidalgas que alí se asentaron, a través dos brasóns das súas liñaxes. A praza está enmarcada polos pazos do Marqués de Aranda, dos Gago e Montenegro, e o de San Román.

Na praza estaba o obradoiro de Celestino Peón, onde se imprimiu a primeira edición de “Os vellos non deben de namorarse” e a revista “Alborada”, na que Castelao introduciu a técnica do gravado ao linóleo en Galicia.



Pazo de Mugartegui

En 1778 iniciouse a construción da **Capela da Virxe da Peregrina**, unha das edificacións máis simbólicas da cidade, mestura de barroco tardío e neoclasicismo. Ten planta central, inspirada nunha cuncha de vieira rematada en cruz. O altar neoclásico, foi trazado por Melchor de Prado en 1789.

A Peregrina é patroa da provincia de Pontevedra e do Camiño Portugués, e conta a tradición que guiaba aos peregrinos desde Baiona a Compostela.

Ao lado das portas da muralla consolidáronse pequenos núcleos de poboación que se estenderon polos camiños de saída: dende a praza da Ferrería pola actual rúa da Peregrina

e a Avenida de Vigo; camiño de Marín pola rúas Oliva e Salvador Moreno.

Dende que en 1833, como dixemos anteriormente, a cidade pasou a ser capital da provincia, acadou un novo desenvolvemento económico e cultural ao converterse en centro administrativo. Este feito levou a adoptar unha nova fisonomía urbana para atender á nova condición administrativa; derrubáronse as vellas murallas medievais, abríronse rúas paralelas ao novo centro, onde se construíron edificios e se crearon espazos de uso público como a **Alameda**, construída sobre a horta do convento de San Domingos. O uso destes terreos foi posíbel grazas ao cambio de titularidade que sufriron pola Desamortización.



Edifícios institucionais en Montero Ríos, na Alameda



Capela da Virxe da Peregrina

O crecemento cara o suroeste supuxo unha conexión directa co mar na desembocadura do río Gafos.

Nesta época, a feira realizábase onde se ubicou o xardín de Vincenti (das Palmeras), polo que ao situar alí a Audiencia foi pertinente axardinar o espazo para ennoblecelo. A conexión deste lugar coa cidade fíxose por rúas que estaban bordeadas por vilas e palacetes, ao preferir a burguesía esta nova zona fronte ao centro histórico.

De entre as edificacións institucionais do novo núcleo da Alameda destaca o **Pazo da Deputación Provincial**, unha arquitectura de estilo ecléctico (con decoración que mistura moitos mode-

los) de finais do século XIX, construída por Alejandro Rguez. Sesmeros, cun forte carácter pacego.

O novo centro da vida municipal, a **Casa do Concello**, ubícase na conexión coa antiga cidade amurallada, e é obra tamén de Sesmeros realizada en estilo ecléctico no último terzo do XIX.

A idea da importancia do novo centro dáa a ubicación do Concello, que non dirixe a súa fachada cara a cidade vella senón á Alameda.

A rúa Michelena actuaba de fronteira entre a cidade histórica e o ensanche de fins do XIX, polo que ata hai pouco podía verse como unha das beirarrúas



Pazo da Deputación Provincial



Casa do Concello



Teatro Principal e Liceo Casino

conservaba as edificacións antigas e noutra os edificios son xa do século XX.

Neste punto reflexionaremos sobre a integración da Pontevedra histórica coa dos nosos días. Os modelos de crecemento non respetaron a vella vila, que se conserva en bo estado, ao cercala por completo e impedir que se mantivese a conexión co Lérez e a entrada da rúa, a imaxe máis representativa da cidade.

A nova cidade tiña que dar resposta ás necesidades da poboación burguesa: hospitais, lugares de lecer, comunicacións, etc.

Nela destacan unha serie de edificacións urbanas, comerciais e de ocio. Así nacen o edificio de **Correos e Telégrafos** ou o **Teatro Principal e Liceo Casinó**, obra de mediados do século XIX.

Nas vivendas aparece un novo estilo, o modernismo, no que destacan unha das obras levadas a cabo polo arquitecto Antonio López Hernández, como o edificio da rúa Montero Ríos esquina aos xardíns de Colón, cuxa fachada principal se atopa organizada a través de dous grosos machóns, que dividen os ocós, nos que se abren grandes ventás dotadas dun dintel curvo.

Outro edificio representativo deste estilo, do mesmo arquitecto, é o edificio da praza da Estrela, nº 5, con soportais, cuxa fachada se divide en tres corpos que rematan en machóns que conteñen potentes balaústres, baixo os que aflora unha rica ornamentación floral.

Na saída a Ourense, na actual rúa Benito Corbal, constituíuse un novo eixo a partir do **Hospital Provincial** e a **Praza**



Museo de Pontevedra

de Barcelos, o lugar onde se celebra a nova feira. No último cuarto do XIX chegou o ferrocarril a Pontevedra, ao lugar chamado Campolongo. A rúa que une a estación co centro histórico foi dende entón un novo eixo determinante na expansión da cidade.

Un dos fenómenos que máis marcou a cidade pola súa transcendencia cultural foi a creazón do **Museo de Pontevedra**, produto das inquedanzas da sociedade da cidade a finais do século XIX e principios do XX. A Deputación Provincial, en colaboración cos membros da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, fundou o Padroado do Museo en 1927. Está formado por diferentes edificios: as **casas barrocas de Castro de Montegudo e de García Flórez**, claros exemplos da arquitectura civil urbana do século XVIII, unidos a mediados do século XX por un arco; o **Edificio Sarmiento**, que

foi antigamente convento dos xesuítas; as ábsidas góticas das Ruínas de San Domingos e o moderno edificio custeado por José Fernández López a mediados da década dos sesenta. Estas cinco construcións que compoñen o conxunto arquitectónico do museo foron ampliadas recentemente a principios do século XXI da man de Celestino García Braña ao mesmo tempo que se levou a cabo a rehabilitación do edificio Sarmiento.

O Museo está emprazado no lateral dunha pequena praza medieval, coñecida como **Praza da Leña**, que se atopa rodeada de casas populares e presidida no seu centro por un cruceiro. Estas casas amosan na súa fachada a combinación de pedra e madeira. Na súa planta baixa, nalgúns casos asoportalada, desenvolvéronse durante anos diversas actividades económicas (tendas, obradoiros artesanais,



Praza da Leña

adegas,...), mentres que nos corpos superiores realizábase a vida doméstica das familias moradoras da vivenda. A estrutura interna e os pisos eran de madeira, empregándose principalmente carballo e castiñeiro, materiais que tamén se usaban no entramado da cuberta, sobre a que se colocaban tellas do país. Algunhas destas casas posúen galerías nos andares superiores, pechándose os vans con portas e fiestras verticais de madeira, proxectadas para favorecer a entrada da luz e a ventilación dos interiores.

No século XX, tras a convulsión ocasionada pola guerra civil, non foi ata os anos sesenta cando se iniciou un ciclo de novo desenvolvemento económico coa implantación de dúas grandes factorías na marxe do río e da ría.

A madeireira Tafisa instalouse na marxe do río xa nos anos 50, nun lugar no que hoxe se prepara unha actuación urbanística a gran escala.

Tamén nos anos cincuenta desapareceron as marismas da desembocadura do Alba, que se desecaron por mor da construción dun vial que une o Burgo coa Caeira. E tamén se desenvolveu nestes anos o núcleo do Burgo, na outra marxe do río.

Ese desenvolvemento empezou a manifestarse máis claramente na década dos 70, coincidindo coa transición democrática española. Neste período temos que constatar un auxe da actividade construtiva, que continúa vixente na actualidade.

Destes anos son dous polígonos con resultados desiguais: Campolongo e Monteporreiro. **Campolongo** é unha zona residencial construída por iniciativa do Ministerio de Vivenda nos anos 60 na que interviu o arquitecto Cano Lasso. Xorde cando a estación de ferrocarril se traslada máis lonxe e quedan unha serie de terreos libres. Son bloques illados de 10 plantas, alternos e con espazos abertos con xardíns. Hoxe en día macizouse ocupando novas edificacións os ocios. Servizos coma colexios, piscinas, igrexas, aparcadoiros proporcionan unha notabel calidade de vida. **Monteporreiro** era unha explotación agropecuaria e balneario privados con viais de acceso que se aproveitan nos anos setenta, cando se parcela e se constrúen bloques sen atender a un planeamento adecuado.

A **vivenda Domínguez da Caeira** de De la Sota e as **Vivendas para Xitanos en Campañó**, de César Portela, son proxectos arquitectónicos dos anos setenta en Pontevedra que hoxe representan dous dos mellores exemplos da arquitectura feita en Galicia.

Xa a finais do século XX e principios do XXI Pontevedra segue a cobrar dinamismo, debido á súa capitalidade. Constatase a presenza de novas edificacións dotacionais e obras de enxeñería salientables, como o Pazo da Cultura, a Nova Ponte sobre o Lérez, o Recinto Feiral, a Illa das Esculturas e o Parque da Familia...

O **Pazo da Cultura**, de Manuel de las Casas, foi inaugurado en 1997. Tráta-

A **Casa Domínguez** (A Caeira-Pontevedra), de Alejandro de la Sota, supón un novo xeito de enfrontarse a proxectar unha vivenda unifamiliar. Construída en 1976, a vivenda organízase en dous corpos: un superior concebido con amplos ventanais e unha planta baixa pechada adicada a actividades de ocio. A unión de ambas partes efectúase grazas a unha estrutura existente baixo o soportal, que comunica ambos corpos mediante unha escaleira. Esta vivenda trata de recuperar a tradición integrándoa no presente, a través dos novos materiais e métodos construtivos e da reinterpretación tanto dos espazos como dos elementos que a constitúen.

se dun Pazo de Congresos e Exposicións, un centro cultural concebido como un conxunto de edificios empra-

zado no contorno do río Lérez, no que se integra ao estar cuberto con pedra verde que se reflicte no río. Este complexo arquitectónico está dotado de tres áreas, que poden ser empregadas de xeito independente: a primeira é a correspondente ao moderno auditorio de planta cilíndrica, a segunda é a de congresos e a última é a sala de exposicións. Cada sector distínguese a simple vista dende o exterior, como é habitual na arquitectura contemporánea.

Polo que respecta ao **Recinto Feiral**, tamén obra Manuel de las Casas, foi inaugurado en 1998. Este enorme pavillón dotado dunha forma de tetraedro, e construído principalmente en aceiro, aluminio e cristal, permite acoller todo tipo de feiras, mostras comerciais e eventos culturais. Atópase unido ao Pazo da Cultura, o que permite a utilización conxunta de todas as súas dependencias (restaurante, cafetería e terraza).



Casa Domínguez

O conxunto conformado pola **Illa das Esculturas** e o Parque da Familia constitúe un lugar de ocio e descanso e acolle neste espazo natural protexido unha exposición permanente de instalacións artísticas.

É un proxecto pioneiro en España concebido como unha transformación permanente dunha paisaxe natural a través da arte contemporánea máis actual. Neste proxecto ubicado na Xunqueira do Lérez interviñeron doce artistas galegos e foráneos (Giovanni Anselmo, Fernando Casás, José Pedro Croft, Dan Graham, Ian Hamilton Finlay, Jenny Holzer, Francisco Leiro, Richard Long, Robert Morris, Anne & Patrick Poirier, Ulrich Rückriem e Enrique Velasco) cunha ducia de esculturas nas que a pedra está presente como unha homenaxe ao granito, material moi vencellado a Galicia, tanto á nosa economía, como á nosa cultura e ao noso pasado. A pedra, a pervivencia de camiño como ruta

e lugar de encontro de culturas e a idea de liberdade, enchen conceptualmente este novidoso proxecto.

O promotor do proxecto, rematado no ano 1999, o profesor e crítico Antón Castro, definiuno como “un poema, unha homenaxe ao granito, ao uso dun material antropoloxicamente galego, onde a definición histórica fúndese coa identidade galega nunha obra feita polos artistas máis importantes do mundo”.

O **Teatro Principal** está emprazado no centro histórico, e foi inaugurado en 1997, e é unha obra de reconstrución levada a cabo polo arquitecto José Ramón Miyer Caridad. Está composto de cinco andares e dous sotos e conta con dúas salas de exposicións e dun auditorio e mantén a súa fachada primitiva de raigame decimonónica.

E na **Facultade de Belas Artes e Escola de Restauración de Ponteve-**



Pazo da Cultura

dra, César Portela Fernández-Jardón amosa o seu compromiso crítico co Movemento Moderno e coa tradición arquitectónica, o dominio dos recursos técnicos, expresivos e materiais.

O crecemento nas últimas décadas está a producir resultados de índole diversa: ábríronse novos viais como a Avenida Juan Carlos I onde se producen actuacións como A Parda, nos terreos da Antiga Cárcere, ou a cidade da Pedra, nos terreos de Renfe. Practicamente ao lado crecementos sen criterio como os que converten nun túnel a Avenida de Vigo ao pechala cunha cortina de edificios polas dúas marxes.

O campus de Pontevedra, dependente da Universidade de Vigo agrupa media ducia de centros universitarios: Enfermería, Enxeñería Técnica Forestal, Fisioterapia, Belas Artes, Ciencias da Educación e Ciencias Sociais e da Comunicación. Entre as edificacións que o compoñen salientan dúas obras

de recente execución asinadas por Jesús Irisarri Castro e Guadalupe Piñera Manso. Son a **Facultade de Ciencias da Educación** e o **Centro de Apoio e Transferencia de Resultados de Investigación** (CATRI), expostas nunha mostra levada a cabo no MOMA de New York, sobre arquitectura española contemporánea. A través das imaxes e maqueta expostas no MOMA, este conxunto arquitectónico mostra unha dobre funcionalidade, por un lado, crea unha serie de infraestruturas axeladas ás necesidades académicas; e por outro, presta unha especial atención ao contorno da Xunqueira do río Lérez.

Todas as edificacións incorporan os principios bioclimáticos, empregando galerías corredeiras de policarbonato que garanten unhas boas condicións térmicas. Os grandes ventanais que se dispoñen ao longo das fachadas proporcionan coidadas perspectivas do exterior dende dentro das construcións.



Plano da Illa das esculturas



Facultade de Ciencias da Educación



Praza da verdura

ITINERARIO

Podedes realizar un percorrido pola cidade no que visitedes algún dos puntos seguintes:

O centro histórico

Percorrido dende a Alameda ata o Mercado.

Análise de diferentes espazos:

- Unha vez no inicio da Alameda podemos ver o lugar no que o río Lérez e a ría de Pontevedra conflúen. Que vestixios quedan do antigo porto? Consérvase algunha vivenda de mariñeiros?

- O centro administrativo de Pontevedra. Edifícios institucionais. Ventá á Ría de Pontevedra.

- Praza do Mercado. As antigas murallas da cidade.

- Tipoloxías construtivas: vivenda popular; edificacións barrocas.

- Arquitectura relixiosa (Sta. María, San Francisco e San Domingos).

- Prazas e rúas, a escala do espazo público (Lefía, Verdura, Ferrería, Teucro, Alameda).

- Intervencións de peonización.

- Rede de edificios históricos unidos pola súa función: Museo Provincial de Pontevedra coa intervención contemporánea de Celestino G. Braña.

Novos crecementos da cidade

O exemplo da edificación tipolóxica residencial na área da Estación do Ferrocarril.

O campus universitario de Pontevedra

Os cambios de escala nesta nova área da cidade.

Veremos cómo se ordena un campus universitario, cal é o proceso de urbanización para logo chegar a visitar un edificio singular de arquitectura contemporánea, a Facultade de Ciencias da Educación, de Jesús Irisarri e Guadalupe Piñera.

Unha nova área ao servizo da sociedade

Nos últimos anos creouse xunto ao pavillón de deportes de Alejandro de la Sota unha nova área de equipamentos de servizos para a cidade: o Auditorio e Pazo de Congresos e o Recinto Feiral, ambas obras de Manuel de las Casas. Outro exemplo de cambio de escala.

A natureza intervida

Para rematar a visita daremos un paseo por unha natureza intervida para se converter en espazo público: A Illa das Esculturas.

A facultade de Belas Artes

Non se pode marchar de Pontevedra sen entrar na Facultade de Belas Artes, a única escola universitaria na que podemos formarnos como pintores, escultores, etc. A presenza dunha institución deste tipo cambia o ambiente das cidades e fainas máis activas e abertas. Contempla as pezas que se atopan nos corredores do patio central: que che parecen?



Peonización das rúas de Pontevedra



Ponte Nova sobre o río Lérez



Ampliación do Museo de Pontevedra

A CIDADE ENTRE O LÉREZ E A RÍA

As dúas marxes do Lérez marcaron a liña divisoria do crecemento de Pontevedra. Este accidente físico superouse grazas á construción das pontes, como a Ponte da Barca, de ferro, que substituíu ao barqueiro para cruzar entre Poio e Pontevedra (un monopolio do mosteiro de Poio).

Foi no século XX cando o tratamento das marxes con viais pegados ao río xenerou novas barreiras infranqueables. Ademais, a ubicación das industrias Tafisa e Celulosas contribuíu a deteriorar aínda máis os bordos marítimos.

Existe unha importante falta de conexión entre as dúas marxes do río e da ría. A ponte da autopista, con forte impacto visual sobre a cidade, a ronda sur a Marín, que supuxo o recheo da costa ou o pequeno porto, que se atopa desconectado da cidade, falan da falta de identidade marítima. Pontevedra conserva un pequeno porto deportivo tras da Ponte da Barca pero o verdadeiro porto hoxe atópase en Marín.

Malia todo, os circuitos paralelos ás estradas permiten un “ruidoso” paseo dende a desembocadura do río Gafos ata Monteporreiro.

AS PEONIZACIÓNS

Os habitantes das cidades precisan de lugares nos que poder reunirse ao aire libre para charlar, pasear ou facer exercicio; é o que se chama espazo público.

Nos pobos o espazo ao aire libre é máis doado de atopar pero nas cidades a presión do tráfico e o continuo crecemento apenas deixa lugar á creación de lugares nos que a cidadanía se poida relacionar.

Nos últimos anos nas cidades de todo o mundo estanse a levar a cabo procesos de peonización, nos que se limita ou prohibe a circulación de vehículos para gañar eses lugares para o disfrute cidadá.

Un proceso de peonización ten detrás unha filosofía (por que se fai, que itinerarios se crean, que alternativas se plantean para o tráfico, servizos de transporte colectivo,...).

A peonización ofrece calidade de vida para os viandantes pero graves problemas para as comunicacións e o acceso ás áreas centrais da cidade que se deben solucionar de antemán.

Pontevedra conta cun excelente centro histórico-monumental que, tras a súa **peonización**, permite disfrutar deses espazos públicos cunha nova percepción da cidade, dos seus recodos e espazos.

Así, agora o cidadán participa de novos lugares que, ao ser habitados, mudan o seu comportamento.

Se se fai correctamente, en canto se leva a cabo un proceso deste tipo inmediatamente mellora a calidade de vida da cidade e os seus habitantes cambian os seus costumes para saír á rúa.

Este é o caso de Pontevedra, onde a peonización non só se levou a cabo nas intrincadas rúas do seu centro histórico, senón que se estendeu a arterias principais da cidade nova edificadas no século XX.

As rúas enchéronse de vida e aumentou o número de persoas que se atopan na rúa e tamén a actividade económica.

Na túa vila existen tamén rúas peonís? Se é así son estás rúas as que teñen máis ambiente?








Pensas que unha cidade con rúas nas que non circulan vehículos é máis ou menos cómoda que outra con tráfico por todas as rúas? En todo caso, os automóviles son un instrumento indispensable para algúns desprazamentos.

Que se fará cos coches nunha cidade como Pontevedra?

Utilizando o plano que vos facilitamos, indica percorridos alternativos polas rúas de Pontevedra nas que non exista a necesidade de utilizar o coche.

Pódese chegar andando dentro da cidade aos principais centros administrativos e culturais? (por exemplo ao Concello, á Deputación, ao Teatro Principal, etc...).

Existe unha alternativa ao coche nalgunhas cidades: é a bicicleta.



ENTIDADES COLABORADORAS



ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓGICA
GALEGA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

